



MEMORIA DE ACTIVIDADES CURSO 2009-2010

Consello Escolar de Galicia

XUNTA DE GALICIA

Índice

Consello Escolar de Galicia

ÍNDICE

1.- Limiar	09
2.- Composición do Consello Escolar de Galicia.....	13
3.- Actividade do Consello Escolar	
3.-1 Sesións plenarias.....	20
3.2 Asistencias ás sesións do pleno.....	31
3.3 Comisións permanentes.....	33
3.4 Asistencias ás sesións da comisión permanente.....	49
3.5 Informe sobre os servizos complementarios e as Actividades extraescolares.....	51
3.6 Aprobación da memoria de actividades do curso 2008-2009.....	53
4.- Competencias do Consello Escolar e do seu presidente.....	57
5.- Ditames elaborados	63
6.- Participación en actos, congresos , reunións	85
7.- Resumo económico	91



Limiar

1

LIMIAR

O Consello Escolar de Galicia, coma órgano superior de consulta e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino, publica esta Memoria do curso escolar 2009/2010 para dar conta das actividades desenvolvidas no seu seo a través de distintas sesións en Pleno, Comisión Permanente e outras comisións constituídas, especialmente na elaboración de ditames sobre textos legais, na presentación de propostas e na organización de actividades abertas á comunidade educativa en xeral.



Composición do Consello Escolar

2



COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Presidente:

Jesús Vázquez Abad (Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria)

Vicepresidente:

Fernando del Pozo Andrés (Administración Educativa)

Representantes de:

Profesores do Ensino Público:

Consuelo Campos Acedo (CIG)

Odilo Barreiro Martínez (CIG)

Víctor Manuel Rodríguez Gesto (CCOO)

José Raúl Gómez Farto (FETE – UGT)

Manuel Astariz Castro (ANPE GALICIA)

Profesores do Ensino Privado

Xosé Marcial Comesaña Figueiras (CCOO)

Armindo Francisco Mera (FSIE – GALICIA)

Gerardo Moreno Díaz (FETE – UGT)

Nais e Pais de Alumnos

Sara Inés Vega Núñez (CONFAPA)

Virgilio Gantes Gómez (CONFAPA)

Marta Lázara Fontao (CONFAPA)

Xelasio Suárez Santiso (CONGAPA)

María Paz García Fernández de Bescansa (CONGAPA)

Alumnos:

Azucena Rodríguez Amoroso (FAXEG)

Persoal de Administración e Servizos:

Elvira Patiño Ogea (CIG)

Ángeles Vilarnovo Cova (UGT)

Titulares de Centros Privados:

José Antonio Moar Armas (Federación de Centros de Ensino Privado)

Xosé Francisco Martínez Reboiras (Federación de Centros de Educación e Xestión)

Centrais Sindicais:

José Manuel Fuentes Fariña (CCOO)

Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez (CIG)

Mariano García González (UGT)

Organizacións Empresariais:

José Luis Liñares Louzao (Confederación de Empresarios de Galicia)

José Manuel Álvarez Fernández (Confederación de Empresarios de Galicia)

Profesores propostos polos Movementos de Renovación Pedagóxica:

José Luis Fernández Díaz (Federación Galega de MRPs)

Mercedes Espiño Amil (Coordinadora Galega de MRPs)

Xosé Ramos Rodríguez (Coordinadora Galega de MRPs)

Administración Educativa:

José Luis Mira Lema

José Manuel Pinal Rodríguez

José Luis Vázquez Fernández

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Manuel Corredoira López

Fernando del Pozo Andrés

Administración Local:

Juan José Díaz Valiño

Juan García Fuentes

Camilo Forján Seoane

Ana María Garrido Rodríguez

José Manuel Domínguez Freitas

Francisco A. Veiga Romero

Manuel Taboada Vigo

María Socorro Cea Vázquez

Universidade:

Agustín Requejo Osorio

Miguel Anxo Santos Rego

Personalidades de Recoñecido Prestixio

Genara Borrajo Borrajo

Daniel Barata Quintas

Seminario de Estudos Galegos

Antón Costa Rico

Consello da Xuventude de Galicia

María Dolores Rodríguez Amoroso

Secretario

José Alejo Losada Aldrey

Por Orde do 9 de xaneiro de 2006 (DOG do 27 de xaneiro de 2006), o Presidente delega as súas funcións no Vicepresidente

Baixas e altas de membros no Consello:

Ao longo do curso 2009-2010 producíronse as seguintes baixas e altas de vogais do consello:

Data	Baixa	Alta
24/11/2009	Xelasio Suárez Santiso	María Inés Gómez Otero
06/04/2010	José Manuel Álvarez Fernández	Joaquín Pereira Somoza
06/04/2010	Mariano García González	Marcelino Brea Mella
17/06/2010	José Luis Vázquez Fernández	Jesús Oitavén Barcala

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Presidente:

Fernando del Pozo Andrés

Vogais:

Raúl Gómez Farto

José Antonio Moar Armas

Virgilio Gantes Gómez

Daniel Barata Quintas

Juan García Fuentes

Secretario:

José Alejo Losada Aldrey

Actividade do Consello Escolar

3



ACTIVIDADE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Durante o curso 2009-2010 que, segundo o calendario escolar, abarca dende o día 1 de setembro de 2009 ata o día 31 de agosto de 2010 o Consello Escolar de Galicia realizou a seguinte actividade:

- Sesións plenarias.
- Asistencias ás sesións do pleno.
- Comisións permanentes.
- Asistencias ás sesións da comisión permanente.
- Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares.
- Aprobación da memoria de actividades do curso 2008-2009.

3.1 SESIÓNS PLENARIAS

O Pleno do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2009-2010 en sete ocasións nas seguintes datas:

SESIÓNS DO PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

8 de outubro de 2009

17 de decembro de 2009

15 de marzo de 2010

7 de abril de 2010

29 de abril de 2010

17 de xuño de 2010

1 de xullo de 2010

1	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	08 de outubro de 2009	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18'45	Asistentes	27 de 47 (57'4%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico de mecanizado, técnico en panadería, repostaría e confeitaría.
- 4.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior e grao medio correspondentes aos títulos de:

- | | |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1.- Técnico en farmacia e parafarmacia. 2.- Técnico en soldadura e caldeiraría. 3.- Técnico en sistemas microinformáticos e redes. 4.- Técnico en servizos en restauración. 5.- Técnico en instalacións eléctricas e automáticas. 6.- Técnico en carrozaría. 7.- Técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos. 8.- Técnico superior en audioloxía protésica. 9.- Técnico superior en vitivinicultura. 10.- Técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica. 11.- Técnico superior en desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos. | <ol style="list-style-type: none"> 12.- Técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos. 13.- Técnico superior en construcións metálicas. 14.- Técnico superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica. 15.- Técnico en aceites de oliva e viños. 16.- Técnico en confección e moda. 17.- Técnico en planta química. 18.- Técnico superior en automoción. 19.- Técnico superior en patronaxe e moda. 20.- Técnico superior en química industrial. |
|---|---|

- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba.

O Sr. Vicepresidente dá conta das altas e baixas que se produciron dende a última sesión do pleno.

Informa que a Comisión Permanente realizou os seus traballos relativos ao informe sobre o sistema educativo e a memoria de actividades do Consello. Proximamente serán remitidos a todos os membros do pleno dando un prazo para que se envíen as observacións que se estimen oportunas.

Asimesmo dá conta de que estanse a preparar os traballos relativos aos XX Encontros de consellos escolares autonómicos e do Estado. Este curso organízalos o Consello Escolar de Castela-A Mancha.

Trátase a continuación o ditame sobre o decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico de mecanizado, técnico en panadería, repostaría e confeitaría.

Apróbase o ditame coa inclusión dunha emenda de supresión aprobada polo Pleno.

Trátase tamén o ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior e grao medio correspondentes a vinte títulos de formación profesional.

Apróbase o ditame coa inclusión de dúas emendas aprobadas polo Pleno, unha de adición e outra de recomendación.

Presentáronse catro rogos e dúas preguntas.

2	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	17 de decembro de 2009	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19'30	Asistentes	34 de 47 (72'3%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Aprobación do Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.
- 4.- Aprobación da Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008-2009.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Hai tres observacións a acta da sesión anterior que manifesta o Sr. Mira e se comentan na sesión. Non hai máis observacións. Apróbase a acta con esas modificacións.

O Sr. Vicepresidente dá conta das altas e baixas que se produciron dende a última sesión do pleno.

A continuación informa dos traballos relativos á preparación dos XX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado. O tema dos encontros é a "Autonomía dos centros escolares". Neste momento recibíuse por parte do Consello Escolar de Castela-A Mancha o documento "O". A Comisión Permanente fará propostas en relación con ese tema. Ao mesmo tempo solicita aos membros do pleno que se coñecen algunha experiencia de autonomía en centros da Comunidade Autónoma que a comuniquen.

Informa tamén de que o pasado 30 de novembro participou na reunión da Xunta de Participación do Consello Escolar o Estado. Nela tratouse sobre o calendario escolar e o índice do informe sobre o estado e situación dos sistemas educativos. Na reunión anunciaron a visita do Sr. Ministro. Participou na reunión durante unha hora e falou da necesidade de diálogo, tamén falou da participación e valorou positivamente as achegas do Consello Escolar do Estado e agradece que se lle envíen propostas.

En relación co Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia apróbase o ditame coa inclusión de 10 emendas aprobadas polo Pleno.

Tamén se aproba a Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia do curso 2008-2009.

Presentáronse cinco rogos e unha pregunta.

Finalmente o Sr. Vicepresidente desexa a todos unhas felices navidades e un próspero ano Xacobeo 2010.

3	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	15 de marzo de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 16'30 a 19'30	Asistentes	29 de 47 (61'7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta. Apróbase por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta da publicación da memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2008-2009. Entrégaselles a todos os presentes neste acto. Comenta que a publicación do informe sobre os servizos complementarios as actividades extraescolares está pendente de que sexa entregado pola imprenta.

Informa tamén de que tivo entrada o proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia. Foi enviado xa a todos os membros por correo electrónico. Tamén se enviará por correo ordinario aos que así o solicitaron. Será tramitado pola vía de urxencia. O calendario establecido para a tramitación do proxecto é o seguinte: prazo para o envío de emendas ata o 24 de marzo as 12 horas. O 25 terá lugar a comisión permanente e o 26 enviarase o ditame provisorio dando un prazo ata o 6 de abril ás 12 horas. Ese mesmo día faremos outra comisión permanente e o 7 de abril teremos o pleno.

En relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia o Sr. Vicepresidente explica que se presentaron 79 emendas: 31 de adición, 21 de substitución, 14 de supresión e 9 recomendacións. Que se elaborou o ditame provisorio e se aceptaron 14. E que para o ditame provisorio presentáronse 20 emendas. Que a reunión celébrase na EGAP debido a que o salón do Consello estaba ocupado durante toda a semana e que tendo en conta á urxencia da tramitación deste proxecto de decreto decidíuse cambiar de ubicación.

Procédese ao debate das emendas.

A continuación procédese a votar o ditame coas modificacións introducidas na sesión de hoxe sendo aprobado por quince votos a favor, cero en contra e sete abstencións.

Presentáronse catro rogos.

4	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	7 de abril de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17:00 a 18'30	Asistentes	41 de 47 (87'2%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

O señor vicepresidente saúda aos asistentes e lles dá conta dos ceses e nomeamentos que tiveron lugar.

A continuación apróbase a acta coa incorporación de dúas observacións presentadas.

O señor vicepresidente informa da marcha da organización dos XX encontros de consellos escolares e que o Consello Escolar de Galicia estará representado polos membros da comisión permanente.

Éntrase a continuación no debate sobre o proxecto de decreto de plurilingüismo no que se debate inicialmente sobre as sete emendas á totalidade presentadas e acumuladas por petición dos propios emendantes.

Logo de un amplo debate sométese á votación e apróbase a emenda a totalidade na que se lle pide a Administración educativa que retire o proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.

Presentáronse catro rogos.

5	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	29 de abril de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17:00 a 21.15	Asistentes	29 de 47 (61'7%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establece os regulamentos orgánicos dos conservatorios de música e danza e das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Apróbase a acta coa incorporación dunha observación presentada.

O señor vicepresidente informa que xa está publicado o informe sobre o estado e situación do sistema educativo en Galicia, que se titula “As actividades extraescolares e complementarias nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos. Curso 2007-2008” e entrega un exemplar a cada asistente.

Éntrase a continuación no debate sobre o proxecto de decreto de polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios de música e danza. Debátese amplamente, apróbanse diferentes emendas que son incorporadas ao ditame provisorio e rematado o debate sométese o ditame á aprobación do pleno sendo aprobado por catorce votos a favor, dous en contra e sete abstencións.

A continuación pásase a debater as emendas ao ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas. Debátese tamén amplamente aprobándose diferentes emendas que son incorporadas ao ditame provisorio. Rematado o debate sométese o ditame á aprobación do pleno sendo aprobado por dez votos a favor, cero en contra e once abstencións.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	17 de xuño de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19.10	Asistentes	25 de 47 (53'2%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os regulamentos orgánicos das escolas de arte superiores de deseño e dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Apróbase a acta.

O señor vicepresidente aclara que como indicou por correo electrónico o regulamento de centros integrados de formación profesional (CIFP) viuse alterado nunha serie de artigos e pareceu procedente marcar un novo calendario facéndoo coincidir co calendario de tramitación dos oito novos currículos de títulos de formación profesional. Calendario que se enviou co referido proxecto de decreto.

Debátese o tema e finalmente acéptase o novo calendario.

En consecuencia unicamente se debate o proxecto de decreto que establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño. Debátense as emendas presentadas aprobándose algunhas que son incorporadas ao ditame provisorio.

Rematado o debate vótase o ditame sendo aprobado por seis votos a favor, cero en contra e quince abstencións.

Presentouse un rogo.

7	PLENO DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	1 de xullo de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20.25	Asistentes	28 de 47 (59'6%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen oito novos currículos de títulos de formación profesional.

1.- Técnico en instalacións de telecomunicacións 2.- Técnico en produción agropecuaria. 3.- Técnico en produción agroecolóxica. 4.- Técnico en xestión administrativa. 5.- Técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede.	6.- Técnico superior en axencias de viaxes e xestión de eventos. 7.- Técnico superior en deseño en fabricación mecánica. 8.- Técnico superior en guía, información e asistencias turísticas.
---	--

- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Apróbase a acta coa incorporación dunha observación.

O señor vicepresidente informa de ceses e nomeamentos realizados no consello escolar.

Informa tamén que o día 7 de xullo haberá un acto en Madrid no que o Ministro de Educación vai a entregar a encomenda da Real Orde de Afonso X "O Sabio" aos Sres. Presidentes de Consellos Escolares de Comunidades Autónomas que deixaron o cargo hai pouco máis dun ano. Entre esas persoas está D^a Milagros Blanco Pardo, anterior vicepresidenta deste Consello. Que asistirá a ese acto e trasladaralle os parabéns deste consello.

Finalmente comunica que o vindeiro informe sobre o estado e situación do sistema educativo en Galicia versará sobre a adquisición de linguas estranxeiras do alumnado de niveis non universitarios.

☐

Trátase a continuación o ditame sobre o proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. Logo dun amplo debate no que se foron aprobando diferentes emendas que foron incorporadas ao ditame provisorio sométese a votación este ditame que con catro votos a favor, oito en contra e once abstencións resulta non aprobado.

A continuación trátase o ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen oito novos currículos de títulos de formación profesional. Logo dun amplo debate no que se foron aprobando diferentes emendas que foron incorporadas ao ditame provisorio sométese a votación este ditame que resulta aprobado por quince votos a favor, cero en contra e seis abstencións.

Presentouse un rogo e seis preguntas.



3.2 Asistencia ás sesións de Pleno:

	08-10 2009	17-12 2009	15-03 2010	07-04 2010	29-04 2010	17-06 2010	01-07 2010
Álvarez Fernández, José Manuel	-	-	-	-	-	-	A
Joaquín Pereira Somoza	-	-	-	-	-	-	A
Astariz Castro, Manuel	A	A	A	A	A	A	-
Barata Quintas, Daniel	A	A	A	A	A	A	A
Barreiro Martínez, Odilo	A	A	A	A	A	A	A
Borrajo Borrajo, Genara	A	A	A	A	A	A	-
Campos Acedo, Consuelo	A	A	-	A	A	A	A
Cea Vázquez, María Socorro	A	A	-	A	-	-	-
Comesaña Figueiras, Xosé Marcial	A	A	A	A	-	A	-
Corredoira López, Manuel	A	A	A	A	A	A	A
Costa Rico, Antón	-	-	-	A	-	A	-
Díaz Valiño, Juan José	A	A	-	A	A	-	-
Domínguez Freitas, José Manuel	-	A	-	A	-	-	-
Espiño Amil, Mercedes	-	A	A	A	A	-	A
Fernández Díaz, José Luis	A	A	A	A	A	A	A
Forján Seoane, Camilo	-	-	-	A	-	-	-
Francisco Mera, Armindo	A	A	-	-	A	A	A
Fuentes Fariña, José Manuel	-	-	-	A	A	A	A
Gantes Gómez, Virgilio	A	A	A	A	A	A	A
García Fdez. de Bescansa, M ^a Paz	A	A	A	A	A	-	A
García Fuentes, Juan	-	-	-	-	-	A	-
García González, Mariano	A	A	A	-	-	-	-
Marcelino Brea Mella	-	-	-	A	A	-	A
Garrido Rodríguez, Ana María	A	-	-	A	A	-	A
Gómez Farto, Raúl	A	A	A	A	A	-	A
Lázara Fontao, Marta	A	A	A	A	A	A	A
Liñares Louzao, José Luis	-	A	A	A	-	-	A
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel	A	A	-	A	A	A	-
Losada Aldrey, Alejo	A	A	A	A	A	A	A
Louzao Rodríguez, Fco. Xesús Anxo	A	A	A	A	A	A	A
Martínez Reboiras, Xosé Francisco	A	A	A	A	-	A	-
Mira Lema, José Luis	A	A	A	A	A	A	A
Moar Armas, José Antonio	A	A	A	A	A	A	A
Morano Díaz, Gerardo	A	A	A	A	A	A	A
Patiño Ogea, Elvira	-	A	A	A	-	-	-
Pinal Rodríguez, José Manuel	A	A	A	A	A	A	A
Pozo Andrés, Fernando del	A	A	A	A	A	A	A
Ramos Rodríguez, Xosé	-	A	A	A	-	A	A
Requejo Osorio, Agustín	-	-	A	A	-	A	-
Rodríguez Amoroso, Azucena	-	-	-	A	-	-	-
Rodríguez Amoroso, María Dolores	-	-	-	-	-	-	-
Rodríguez Gesto, Víctor Manuel	-	A	A	A	A	-	A
Santos Rego, Miguel Anxo	-	A	-	-	A	-	A
Suárez Santiso, Xelasio	-	-	-	-	-	-	-
María Inés Gómez Otero	-	A	A	A	-	-	-
Taboada Vigo, Manuel	-	-	-	A	-	-	-
Vázquez Fernández, José Luis	A	A	A	A	A	-	-
Jesús Oitavén Barcala	-	-	-	-	-	-	A
Vega Núñez, Sara Inés	-	-	A	-	A	-	A
Veiga Romero, Francisco	-	-	-	A	-	-	-
Villarnovo Cova, Ángeles	-	-	-	A	-	-	-
	27	34	29	41	29	25	28

Asistencia ás sesións de pleno por colectivos:

Os representantes dos colectivos que se indica asistiron ás reunións do pleno do Consello Escolar de Galicia na porcentaxe que para cada colectivo se indica.

Profesores do Ensino Público:	85,7%
Profesores do Ensino Privado:	81%
Pais e Nais de Alumnos:	71,4%
Alumnos:	14,3%
Persoal de Administración e Servizos	28,6%
Titulares de Centros Privados	85,7%
Centrais Sindicais	81%
Organizacións Empresariais	35,7%
Profesores propostos polos MRPs	81%
Administración Educativa	92,9%
Administración Local	28,6%
Universidade	42,9%
Personalidades de Recoñecido Prestixio:	92,9%
Seminario de Estudos Galegos	28,6%
Consello da Xuventude de Galicia	0%

O conxunto dos membros do Consello asistiu a un total do 63,4% das sesións convocadas.

3.3 COMISIÓNS PERMANENTES

A Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia reuniuse durante o curso 2009-2010 en catorce ocasións nas seguintes datas:

REUNIÓNS DA COMUSIÓN PERMANENTE

10 de setembro de 2009

24 de setembro de 2009

5 de outubro de 2009

26 de novembro de 2009

4 de marzo de 2010

11 de marzo de 2010

25 de marzo de 2010

6 de abril de 2010

20 de abril de 2010

27 de abril de 2010

7 de xuño de 2010

15 de xuño de 2010

22 de xuño de 2010

30 de xuño de 2010

1	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	10 de setembro de 2009	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Proposta de índice para o documento I dos XX Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado.
- 4.- Propostas de mellora a incluír no Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.
- 5.- Observacións á Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008-2009.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa das altas e baixas que tiveron lugar no Consello e na composición da Comisión Permanente.

Debátase e apróbase a proposta do secretario sobre o índice dos XX Encontros que organizará o Consello Escolar de Castela A Mancha.

Procédese ao estudo e debate das propostas aportadas polos membros da Comisión Permanente ao Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia, e á Memoria de actividades do Consello Escolar do curso 2008-2009.

Preséntase un rogo ou pregunta.

2	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	24 de setembro de 2009	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20 horas	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de vinte novos títulos de formación profesional.
- 4.- Ditame sobre o proxecto de decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de Técnico en emerxencias sanitarias, Técnico en cociña e gastronomía Técnico en mecanizado, Técnico en panadería, repostería e confeitaría.
- 5.- Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.
- 6.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008-2009.
- 7.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa de novos movementos de altas e baixas na Comisión Permanente e do pasamento dun membro do pleno.

Estúdanse as emendas presentadas aos proxectos de decreto polo que se establecen os currículos de vinte novos títulos de formación profesional, elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo a todos os membros do pleno para a súa consideración.

Estúdanse as emendas presentadas ao proxecto de decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de Técnico en emerxencias sanitarias, Técnico en cociña e gastronomía Técnico en mecanizado, Técnico en panadería, repostería e confeitaría, elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo a todos os membros do pleno para a súa consideración.

Dado que o elevado número de emendas presentadas aos decretos sinalados nos puntos anteriores e o debate das mesmas esgotou todo o tempo previsto para esta reunión decídese trasladar os puntos 5 e 6 da Orde do día a unha próxima reunión.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

3	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	5 de outubro de 2009	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 17,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de vinte novos títulos de formación profesional.
- 4.- Emendas ao ditame sobre o proxecto de decreto que modifica os currículos dos ciclos formativos de Técnico en emerxencias sanitarias, Técnico en cociña e gastronomía Técnico en mecanizado, Técnico en panadería, repostaría e confeitaría.
- 5.- Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.
- 6.- Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008-2009.
- 7.- Propostas de informe sobre a gratuidade de libros de texto e resultados da enquisa realizada sobre o galego presentada por CONFAPA Galicia.
- 8.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta dos resultados da reunión preparatoria dos XX Encontros que organizará o Consello Escolar de Castela A Mancha.

Estúdanse as emendas presentadas ao Ditame provisorio sobre os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de vinte novos títulos de formación profesional. Acórdase elevar o ditame ao Pleno para o seu debate.

Estúdanse as propostas presentadas ao informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia por parte dos membros da Comisión Permanente e acórdase facer modificacións, correccións e supresións, dándolle a forma definitiva para que sexa remitido aos membros do Pleno para o seu debate.

En relación coa Memoria de actividades estúdanse as incorporacións correspondentes ás propostas que se recolleron na anterior sesión da Comisión Permanente. Acórdase dar por válidas as incorporacións e que se faga unha impresión definitiva e se reproduza para enviar a todos os membros do pleno conxuntamente co informe indicado no punto anterior.

O Sr. Vicepresidente comenta que o representante de CONFAPA Galicia, membro da Comisión Permanente, presentou dúas propostas para que se estude a posibilidade de darlles trámite no Consello Escolar.

Tendo en conta que o representante de CONFAPA non está presente na reunión para que poida defender as súas propostas acórdase deixalas para a seguinte reunión da Comisión Permanente.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

4	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	26 de novembro de 2009	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,30	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Observacións ao Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.
- 4.- Observacións á Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia, curso 2008-2009.
- 5.- Propostas de informe sobre a gratuidade de libros de texto e resultados da enquisa realizada sobre o galego presentada por CONFAPA Galicia.
- 6.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta das altas e baixas de membros do Consello Escolar. Informa así mesmo de que se ten recibido o documento 0 para aportar suxestións e experiencias nos centros relativas ao tema “A autonomía dos centros escolares” que se debaterá nos XX Encontros que organiza o Consello Escolar de Castela A Mancha.

Estúdanse, débátense e acórdanse modificacións en relación coas emendas ao Informe sobre os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros de ensino obrigatorio de Galicia.

Estúdase e dásele o visto e praxe á Memoria de actividades do Consello Escolar do curso 2008-2009.

O representante de CONFAPA expón a súa proposta de elevar ao Pleno do Consello a petición de que se estude o tema da gratuidade de libros de texto, logo das modificacións que o actual goberno ven de introducir en relación coa normativa anterior. Logo de debatido o tema a Comisión Permanente acorda non elevar ao Pleno o asunto solicitado.

Presentáronse dous rogos ou preguntas

5	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	4 de marzo de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 20,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informe da Presidencia.
- 3.- Elaboración de ditame provisorio sobre o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente informa que a seguinte reunión do Pleno celebrarase na EGAP, debido a estar ocupado o salón en que habitualmente teñen lugar as reunións. Así mesmo informa, en relación cos XX Encontros das persoas que van asistir e das experiencias que se van propoñer.

Debátense as 79 emendas presentadas en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo aos membros do Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

6	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	11 de marzo de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informe da Presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame provisorio sobre o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- 4.- Selección de experiencia educativa para participar nos XX Encontros de Consellos escolares autonómicos e do Estado.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Estúdanse as emendas presentadas ao ditame provisorio sobre o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Acórdase elevar o ditame provisorio ao Pleno para o seu debate.

En relación cos XX Encontros acórdase seleccionar dúas experiencias, a do IES Terra de Xallas de Santa Comba e a do IES Luis Seoane de Pontevedra, e remitilas ao Consello Escolar organizador dos Encontros.

Presentáronse dous rogos ou preguntas.

7	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	25 de marzo de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informe da Presidencia.
- 3.- Emendas ao proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

En relación coa organización dos XX Encontros o Sr. Vicepresidente informa que o documento 1 xa é o definitivo, que o documento 2 incluírá as experiencias dos centros e a normativa das Comunidades Autónomas. O documento 3 contempla nove posibles temas de debate divididos en dous grupos, un de autonomía pedagóxica e de xestión e outro de autonomía organizativa.

Estúdanse e debátense as 206 emendas presentadas ao proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo aos membros do Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

8	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	6 de abril de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informe da Presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame sobre o proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta de altas e baixas de membros do Consello Escolar e comunica as últimas decisións en relación cos XX Encontros.

Estúdanse e debátense as emendas ao ditame provisorio sobre o proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Acórdase elevar ao Pleno o ditame provisorio para o seu debate e a planificación da sesión.

Preséntase un rogo ou pregunta.

9	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	20 de abril de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,30	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2.- Informe da Presidencia.
- 3.- Ditame sobre os proxectos de decretos se establece os Regulamentos orgánicos dos conservatorios de música e de danza e das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Estúdanse e débátese as 40 emendas presentadas aos proxectos de decretos polos que se establecen os Regulamentos orgánicos dos conservatorios de música e de danza e das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Acórdase elevar ao Pleno o ditame referente ao proxecto de decreto polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios de música e de danza e continuar na sesión do día seguinte co estudo do proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas

Non se presentaron rogos nin preguntas.

10	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	27 de abril de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 18,30	Asistentes	5 de 7 (71,43%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame sobre o proxectos de decreto polo que se establecen os ROC dos conservatorios de música e danza e das escolas oficiais de idiomas da CA de Galicia.
- 3.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Trátase o tema dos XX Encontros. Faise entrega do documento de achegas ao documento 3 e procédese ao seu estudo de cara ao debate. Así mesmo infórmase da dificultade que atopan os diferentes Consellos para organizar os XXI Encontros, polo que de momento non existe ningún ofrecemento de Consello Organizador.

Estúdanse as emendas presentadas ao ditame sobre o proxectos de decreto polo que se establecen os ROC dos conservatorios de música e danza e das escolas oficiais de idiomas da CA de Galicia. Acórdase elevar ao Pleno o ditame provisorio para o seu debate.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

11	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	7 de xuño de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 21	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas aos proxectos de decreto polos que se establecen os regulamentos orgánicos das escolas de arte e superiores de deseño e os centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Faise entrega do documento 3 dos XX Encontros, xa traducido ao galego e que próximamente porase na páxina web da consellería.

Estúdanse e débátese as emendas presentadas aos proxectos de decreto polos que se establecen os regulamentos orgánicos das escolas de arte e superiores de deseño e dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia. Elabórase un ditame provisorio para cada un deles e acórdase remitilo aos membros do Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

12	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	15 de xuño de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19,30	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas aos ditames provisorios dos proxectos de decreto polo que se establecen os ROC das escolas de artes e superiores de deseño e os centros integrados de formación profesional da CA de Galicia.
- 4.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente solicita aportacións para establecer o tema a tratar no vindeiro informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia.

Estúdanse e debátense as Emendas presentadas aos ditames provisorios dos proxectos de decreto polo que se establecen os ROC das escolas de artes e superiores de deseño e dos centros integrados de formación profesional da CA de Galicia. Acórdase elevar o ditame provisorio ao Pleno do consello para o seu debate.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

13	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	22 de xuño de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao proxecto de decreto polo que se establece o ROC dos centros integrados de formación profesional da CA de Galicia.
- 4.- Emendas aos proxectos de decreto polos que se establecen 8 novos currículos de títulos de formación profesional de ciclo medio e superior.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

Preséntanse diferentes propostas de título para o vindeiro Informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia.

Estúdanse e debátense as emendas presentadas ao proxecto de decreto polo que se establece o ROC dos centros integrados de formación profesional da CA de Galicia.

Elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo aos membros do Pleno para a súa consideración.

Estúdanse e debátense as emendas presentadas aos proxectos de decreto polos que se establecen 8 novos currículos de títulos de formación profesional de ciclo medio e superior.

Elabórase un ditame provisorio e acórdase remitilo aos membros do Pleno para a súa consideración.

Non se presentaron rogos nin preguntas.

14	COMISIÓN PERMANENTE DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA		
Data	30 de xuño de 2010	Carácter	Sesión ordinaria
Duración	de 17 a 19	Asistentes	6 de 7 (85,71%)

ORDE DO DÍA

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Informe da presidencia.
- 3.- Emendas ao ditame provisorio do proxecto de decreto polo que se establece o ROC dos centros integrados de formación profesional da CA de Galicia.
- 4.- Emendas ao ditame provisorio dos proxectos de decreto polos que se establecen 8 novos currículos de títulos de formación profesional de ciclo medio e superior.
- 5.- Rogos e preguntas.

TEMAS TRATADOS

Non hai observacións á acta da sesión anterior, polo que se aproba por unanimidade.

O Sr. Vicepresidente dá conta de altas e baixas de membros do Consello Escolar.

Así mesmo comunica que vai asistir en Madrid ao acto de entrega da encomenda de Alfonso X o Sabio a anterior Vicepresidenta do Consello dona Milagros Blanco Pardo. Finalmente acórdase que o tema do próximo Informe sexa referido á adquisición de linguas estranxeiras do alumnado de niveis non universitarios.

☐

Estúdanse as emendas presentadas ao ditame do proxecto de decreto polo que se establece o ROC dos centros integrados de formación profesional da CA de Galicia e as emendas presentadas ao ditame dos proxectos de decreto polos que se establecen 8 novos currículos de títulos de formación profesional de ciclo medio e superior. Acórdase elevar o ditame ao Pleno para o seu debate.

Non se presentaron rogos nin preguntas.



3.4 ASISTENCIA ÁS SESIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE

Asistencia ás sesión da Comisión Permanente								
	Fernando del Pozo Andrés	Alejo Losada Aldrey	Raúl Gómez Farto	José A. Moar Armas	Virgilio Gantes Gómez	Daniel Barata Quintas	Juan García Fuentes	Total
10-09-09	A	A	A	A	A	A	-	6
24-09-09	A	A	A	A	-	A	-	5
05-10-09	A	A	A	A	-	A	-	5
26-11-09	A	A	A	A	A	A	-	6
04-03-10	A	A	A	A	A	-	-	5
11-03-10	A	A	A	A	A	A	-	6
25-03-10	A	A	A	A	A	A	-	6
06-04-10	A	A	A	A	A	A	-	6
20-04-10	A	A	A	A	A	A	-	6
27-04-10	A	A	A	-	A	A	-	5
07-06-10	A	A	A	A	A	A	-	6
15-06-10	A	A	A	A	A	A	-	6
22-06-10	A	A	A	A	A	A	-	6
30-06-10	A	A	A	A	A	A	-	6
Total	14	14	14	13	12	13	0	80



3.5 APROBACIÓN DO INFORME SOBRE OS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CENTROS DE ENSINO OBRIGATORIO DE GALICIA.

O Artigo 10 da *Lei 3/1986, do 18 de decembro, de consellos escolares de Galicia* determina que o Consello Escolar de Galicia deberá elaborar anualmente un informe sobre a situación e estado do sistema educativo en Galicia.

O Pleno do Consello Escolar acordou que o informe sobre a evolución e estado actual do sistema educativo en Galicia se realizaría cada dous anos e ademais que podería referirse a algún aspecto específico do sistema educativo que pola súa importancia ou polos cambios xerados tivese unha especial relevancia a súa concreción polo miúdo.

A finais do ano 2007, a Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para a elaboración dun estudo previo á elaboración do informe *Os servizos complementarios e as actividades extraescolares nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos*.

José Cajide Val (Director do ICE da Universidade de Santiago de Compostela) e Antonio Rodríguez Martínez (Profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela) dirixiron ao equipo de investigación formado por 34 persoas que elaboraron a investigación ao longo do ano 2008.

A investigación pretendía coñecer a situación das actividades extraescolares, dos servizos complementarios, comedor e transporte escolar, e do programa madrugadores nos centros educativos de ensino obrigatorio de Galicia sostidos con fondos públicos no curso escolar 2007/2008. O Obxectivo fundamental é analizar os ámbitos mencionados, dun xeito descritivo e comparativo, a súa tipoloxía, o seu funcionamento, a súa calidade e, tamén, a súa problemática, cun sentido de mellora, destacando os puntos fortes e febles, con conclusións e suxestións precisas dirixidas á superación dos atrancos e á optimización destas áreas, co obxecto de que os centros educativos poidan poñer en práctica actuacións de mellora e as autoridades educativas, pola súa parte, potenciar os aspectos positivos e emendar as actuacións que non procedan.

A investigación está dividida en dous grandes apartados: I. Parte teórica e II. Parte empírica. Conta ademais con tres anexos: 1. Cuestionarios por sectores. 2. Relación de centros educativos da mostra seleccionada. 3. Relación de actividades extraescolares ás que asiste o alumnado da mostra.

Na parte teórica desenvólvense polo miúdo: as perspectivas da educación extraescolar, os servizos complementarios nas comunidades autónomas españolas, as actividades extraescolares na Comunidade Autónoma de Galicia, os comedores escolares na Comunidade Autónoma de Galicia, o transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia e o programa madrugadores e a apertura de centros na Comunidade Autónoma de Galicia.

Na parte empírica: metodoloxía, análise descritiva dos sectores da mostra, actividades extraescolares, servizo de comedor escolar, servizo de transporte escolar e programa madrugadores.

Fanse ademais unhas consideracións finais e algunhas propostas de mellora.

A investigación foi entregada no Consello Escolar de Galicia o día 3 de xuño de 2009. A partir desa data comezouse o proceso de elaboración por parte da Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia do preceptivo informe partindo da dita investigación.

O informe trasladouse ao pleno para que facer todas as suxestións e emendas que considere oportunas para finalmente aprobalo.

O informe definitivo foi aprobado polo pleno do Consello Escolar de Galicia o 17 de decembro de 2009.

3.6 APROBACIÓN DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DO CURSO 2008-2009.

Na sesión do pleno do Consello Escolar de Galicia, celebrada o día 17 de decembro de 2009, aprobouse a Memoria de actividades do Consello Escolar de Galicia correspondente ao curso 2008-2009.



Competencias do Consello Escolar e do seu presidente

4



COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR E DO SEU PRESIDENTE

O artigo 9 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, establece cales son as funcións do Consello Escolar de Galicia:

1. O Consello Escolar de Galicia será consultado preceptivamente, dentro do ámbito das súas competencias, sobre as seguintes cuestións:

a) Anteproxectos de lei e proxectos de disposicións xerais de ámbito educativo que haxan de ser sometidos á aprobación do Consello da Xunta de Galicia.

b) Programación xeral do ensino, especialmente nos aspectos relativos á creación e distribución territorial dos centros docentes dos niveis educativos non universitarios.

c) Creación de centros docentes de carácter experimental de réxime especial.

d) Normas xerais verbo das construcións e equipamentos escolares.

e) Plan de renovación educativa ou aqueloutros de innovacións.

f) Orientación e programas educativos.

g) Disposición e actuacións xerais encamiñadas a mellora-la calidade do ensino e a súa adecuación á realidade social e cultural galega, así como aquelas accións destinadas a compensa-las desigualdades e as eivas sociais, territoriais ou individuais da poboación que hai que escolarizar.

h) Criterios xerais para financiamento dos centros públicos e para a concertación dos privados, dentro do marco competencial xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Bases xerais que inspiren a política de bolsas e axudas ó estudio de conformidade coas competencias da Comunidade Autónoma.

l) Convenios entre Administracións Públicas.

2. O Consello Escolar de Galicia poderá formularlle á Consellería de Educación propostas sobre os asuntos relacionados nos apartados anteriores deste artigo, ou sobre calquera outro concernente á mellora da calidade do ensino.

3. A Consellería de Educación poderá someter á consideración do Consello cantas cuestións estime pertinentes aínda que non figuren no apartado 1 do presente artigo.

O artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Decreto 87/1992, de 26 de marzo establece que corresponde á Presidencia do Consello representar ao Consello e dirixir a súa actividade

De acordo co establecido nos puntos 1 e 3 do anterior artigo 9, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitiu ao Consello Escolar de Galicia para o seu ditame 35 proxectos de decreto durante o curso 2009-2010.

Estes proxectos de Decreto son os seguintes:

1.-Proxecto de decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico de mecanizado, técnico en panadería, repostaría e confeitaría.

2.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en farmacia e parafarmacia.

3.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en soldadura e caldeiraría.

4.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en sistemas microinformáticos e redes.

5.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en servizos en restauración.

6.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en instalacións eléctricas e automáticas.

7.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en carrozaría.

8.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en aceites de oliva e viños.

9.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en confección e moda.

10.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondentes ao título de Técnico en planta química.

11.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en xestión de aloxamentos turísticos.

12.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en audioloxía protésica.

13.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en vitivinicultura.

14.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en programación da produción en fabricación mecánica.

15.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos.

16.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.

17.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en construcións metálicas.

18.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

19.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en automoción.

20.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en patronaxe e moda.

21.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en química industrial.

22.-Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

23.-Proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

24.-Proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios de música e danza

25.-Proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

26.-Proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño.

27.-Proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

28.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en instalacións de telecomunicacións.

29.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en produción agropecuaria.

30.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en produción agrocolóxica.

31.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en xestión administrativa.

32.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en administración de sistemas informáticos en rede.

33.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en axencias de viaxes e xestión de eventos.

34.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en deseño en fabricación mecánica.

35.-Proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior en guía, información e asistencia turística.

Ditames elaborados

5



DITAMES ELABORADOS NO CURSO 2009-2010

Foron realizados oito ditames.

Seis de forma singular para outros tantos proxectos de decreto e dous de forma conxunta para vinteito proxectos de decreto. Non se elaborou ditame para un proxecto de decreto.

Os seis ditames realizados de xeito singular son os seguintes:

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICAN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE TÉCNICO EN EMERXENCIAS SANITARIAS, TÉCNICO EN COCIÑA E GASTRONOMÍA, TÉCNICO DE MECANIZADO, TÉCNICO EN PANADERÍA, REPOSTARÍA E CONFEITARÍA.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 8 de outubro de 2009, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se modifican os currículos dos ciclos formativos de técnico en emerxencias sanitarias, técnico en cociña e gastronomía, técnico de mecanizado, técnico en panadería, repostaría e confeitaría.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que se suprima no penúltimo parágrafo do preámbulo a expresión que vai dende: **“e suprímese, así mesmo, o módulo de Cociña galega de vangarda...”**; ata o final.
2. Propón que se suprima no Anexo II o seguinte:
 - a. Supresión do punto 1 na súa totalidade. O texto a suprimir é o seguinte: **“Elimínase da exposición de motivos o parágrafo “Créase como propio de Galicia o módulo de síntese, que ten como finalidade a integración dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordasen no resto dos módulos profesionais.””**.
 - b. No punto 2. Supresión de: **“e MPG001. Cociña galega de vangarda”**.
 - c. O punto 4 redactarase así: **“Elimínase do punto 1.11 “Módulo profesional: síntese de cociña e gastronomía””**.
 - d. No punto 5. Supresión de: **“MPG001. Cociña galega de vangarda e”**.

-
- e. Supresión do punto 9 na súa totalidade. O texto a suprimir é o seguinte: **“Modifícase no anexo VI A) a duración total do módulo “MP0048. Produtos culinarios” que pasa a ser de 350 horas”**.
- f. Supresión do punto 11 na súa totalidade. O texto a suprimir é o seguinte: **“Modifícase do anexo I a totalidade do punto 1.5 titulado “Módulo profesional: produtos culinarios” de acordo coa seguinte redacción: Código: MP0048. Duración: 350 horas”**.
3. O Consello Escolar propón tamén que se inclúa un novo punto en cada un dos anexos que contempla o decreto, coa numeración que lle corresponda en cada caso, e co seguinte texto:

“Modifícase o artigo 11.- Espazos e equipamentos, que queda redactado como segue:

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste ciclo formativo son os establecidos no anexo II deste decreto.

2. Os espazos formativos establecidos respectarán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo, e cantas outras normas sexan de aplicación.

3. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado que curse o mesmo ou outros ciclos formativos, ou etapas educativas.

4. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e han ser os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe.

6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que esixan as máquinas en funcionamento.”

4. Así mesmo, propón que se inclúa un novo punto en cada un dos anexos II, III e IV, no lugar que lle corresponda, e co seguinte texto:

“Elimínase a disposición transitoria primeira e segunda por unha disposición transitoria, co seguinte texto:

Única. Centros privados con autorización para impartir ciclos formativos de formación profesional ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

A autorización concedida aos centros educativos de titularidade privada para impartir as ensinanzas ás que fai referencia no artigo 1º.2 entenderase referida ás ensinanzas reguladas no presente decreto.”

5. O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa para que, con relación aos espazos mínimos, poidan levarse a cabo desdobres nos módulos de maior risco e nos que se necesite atención personalizada.

-
6. Por último, o Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que potencie a formación permanente do profesorado que imparte docencia nos títulos de formación profesional, así como a formación en TIC e linguas estranxeiras.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN XERAL DA FORMACIÓN PROFESIONAL DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de marzo de 2010, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que se introduza no preámbulo do decreto, no lugar que estime conveniente, a referencia ao Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- Para o artigo 3º, punto 1, apartado b), propónse que se divida en dous apartados, quedando como segue:

- **“b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente e os mecanismos de inserción laboral.”**
- **“c) Coñecer a lexislación laboral e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.”**

Os apartados: “c), d), e), f), g) e h)”, pasarían a ser: “d), e), f), g), h) e i)”. *(Páxina 8, liñas 1 a 18).*

3.- Para o punto 1 do artigo 4º, propónse a substitución da expresión: **“son un instrumento”**; pola seguinte: **“serven para”**. *(páxina 8, liña 24).*

4.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado dentro do punto 1 do artigo 11º, co seguinte texto: **“- As condicións mínimas de espazos, equipamento e profesorado”**. *(Páxina 11, liña 15).*

5.- Para o artigo 13º, propónse a substitución do texto: **“á igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade”**; por estoutro: **“á igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas por ningún tipo de diferenza”**. *(Páxina 12, liña 5 e 6).*

6.- Para o artigo 15º propónse o seguinte:

- Cambiar a denominación do punto 5 por punto 4, dado que non existe.
- Engadir un novo punto 5, co seguinte texto: **“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá e facilitará a realización das prácticas en empresas”**. *(Páxina 13, liñas 9 e 10).*

7.- O Consello Escolar de Galicia propón a **supresión do punto 3 do artigo 16º**. *(Páxina 13, liñas 18 a 22).*

8.- Para o punto 4 do artigo 16, que pasaría a ser o punto 3, propónse unha nova redacción co seguinte texto: **“Na formación profesional específica, nas ensinanzas artísticas e nas deportivas, de grao medio ou superior, impartiranse en galego os módulos atribuídos á especialidade de formación e orientación laboral e os módulos profesionais que decida a dirección, oídos os departamentos correspondentes que deberán supoñer o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este decreto, para alcanzar a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas. En todos**

os módulos garantírase que o alumnado coñeza o vocabulario específico en lingua galega”. (Páxina 13, liñas 23 a 26).

9.- No apartado e) do artigo 28º, propónse que nas diferentes filas que aparecen na columna “superficies mínimas”, se cambie o símbolo de metros: “ m ”, polo seguinte: “ m² ”. (Páxinas 16 e 17).

10.- Para o mesmo artigo 28º, punto 5, propónse unha nova redacción co seguinte texto: **“Os centros docentes que impartan formación profesional terán en réxime presencial, como máximo, 20 alumnos por unidade escolar incluído ao alumnado repetidor. Estableceranse desdobres nos módulos que se determine cando sexa preciso para unha correcta atención individualizada ao alumnado ou por razóns de perigosidade”.** (Páxinas 17, liñas 31 a 32).

11.- O Consello Escolar de Galicia propón que se engada no punto 3 do artigo 32º a expresión: **“previa negociación coas organizacións sindicais”**; inmediatamente despois de: “e as que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria”. (Páxinas 18, liña 31).

12.- No punto 1 do artigo 41º, propónse a substitución da expresión: “poderá ofrecer”; pola expresión: **“ofrecerá”**. (Páxina 23, liña 8).

13.- O Consello Escolar propón que no punto 2 do artigo 44º, se substitúa a expresión: **“a aliña”**, por: **“o punto”**. (Páxina 24, liña 12).

14.- No punto 2 do artigo 45º, propónse que se engada ao final do parágrafo a seguinte expresión: **“No caso de non cubrirse as prazas reservadas ao alumnado con discapacidade se acumularán ao resto dos colectivos”**. (Páxina 24, liña 26).

15.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que, no momento de desenvolver os decretos que establecen os currículos dos diferentes títulos de técnico e técnico superior, teña en conta a competencia que lle outorga a lexislación básica para ampliar os contidos dos correspondentes títulos ata o 45% dos establecidos pola Administración Xeral do Estado.

16.- Así mesmo recoméndalle que elabore un plan específico de formación do profesorado que imparte FP.

17. O Consello Escolar recomenda que faga unha revisión de todos os centros que imparten formación profesional para identificar as necesidades que hai que atender para a posta en marcha da oferta de novas titulacións de FP derivadas da LOE.

18. Recoméndalle tamén que estude a posibilidade de incluír nos decretos polos que se establecen os currículos de técnico e de técnico superior das diferentes familias profesionais un artigo referente a que os alumnos que obteñan un título dunha determinada familia poidan obter o carné profesional que outorga o departamento da Xunta de Galicia competente na materia.

19.- Por último, o Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que introduza, onde corresponda, a referencia á creación do centro ou centros de Referencia Estatal.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O REGULAMENTO ORGÁNICO DOS CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DE DANZA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 29 de abril de 2010, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1.- Para o texto do artigo 4º propónse a substitución de: “a xefatura”, polo seguinte texto: “**as xefaturas**”. Páxina 4, liña 17.
- 2.- No punto 5 do artigo 6º propónse engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: “**e debe ter os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos**”. Páxina 5, liña 8.
- 3.- No apartado a) do punto 1 do artigo 8º propónse engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: “**co conseguente recoñecemento de dereitos laborais, económicos e administrativos**”. Páxina 6, liña 21.
- 4.- Propónse que se suprima do punto 1 do artigo 8º o seguinte apartado: “**h) Coordinar as actividades de formación para o profesorado do conservatorio, propoñendo e impulsando a súa participación nun plan de formación**”. Páxina 6, liñas 36-38.
- 5.- O Consello Escolar de Galicia propón que se substitúa no texto do proxecto de decreto a expresión: “Equipo de dinamización da lingua galega”, pola seguinte: “**Equipo de normalización e dinamización da lingua galega**”. En concreto nos artigos 18º.e), 22º.c), 30º.e), 32º, 32º.1, 32º.3, 33º, 33º.a), 34º, 34º.1, 35º, 35º.a), 35º.e), 44º.3 e 45º.1).
- 6.- No punto 4 do artigo 11º propónse engadir a continuación de: “cando a dita ausencia implique profesorado substituto”, o seguinte texto: “**e terá os mesmos dereitos laborais, administrativos e económicos**”. Páxina 8, liña 28.
- 7.- Propónse que no artigo 22º se substitúa o apartado: “h) Titorías”; polo seguinte: “**h) Coordinación de formación permanente do profesorado**”. Páxina 13, liña 20.
- 8.- Nese mesmo artigo 22º, propónse a inclusión dun novo apartado co seguinte texto: “**i) Todas as coordinacións contarán coa redución horaria correspondente**”. Páxina 13, liña 21.
- 9.- No punto 5 do artigo 26º propónse engadir ao final do parágrafo o seguinte texto: “**tendo os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos**”. Páxina 15, liña 38.
- 10.- Para o artigo 26º propónse un novo punto co seguinte texto: “**6. Ás xefaturas de departamentos didácticos corresponderalles unha redución de horario lectivo de entre 3 e 6 horas en función do número de docentes que compoñan o departamento, agás no caso dos departamentos unipersoais en que a redución será dunha hora**”. Páxina 15, liña 39.
- 11.- No punto 3 do artigo 32º propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: “**de acordo co claustro de profesores**”. Páxina 19, liña 7.
- 12.- Propónse un novo apartado no artigo 33º, co seguinte texto: “**e) Fomentar o uso da lingua galega**”. Páxina 19, liña 21.
- 13.- No apartado h) do punto 4 do artigo 46º propónse un texto de adición que diga: “**e cumprimento do Decreto 124/2007**”. Páxina 27, liña 14.

14.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que axuste o disposto neste proxecto de decreto no relativo ao proxecto lingüístico do centro e aos equipos de dinamización lingüística, ao establecido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O REGULAMENTO ORGÁNICO DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 29 de abril de 2010, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- No artigo 2º, punto 1, propónse un texto de adición ao final do mesmo, co texto seguinte: **“O estudo do portugués terá un fomento especial”**. *Páxina 3, liña 2.*

2.- Para o punto 2 dese mesmo artigo, propónse un texto de adición ao final do parágrafo que diga: **“oído o claustro e o consello escolar da EOI”**. *Páxina 3, liña 7.*

3.- Propónse un novo punto para o artigo 3º co seguinte texto: **“8. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estudará a creación de escolas oficiais de idiomas nos concellos de máis de 25.000 habitantes onde a demanda o xustifique”**. *Páxina 3, liña 40.*

4.- No punto 3 do artigo 4º propónse a substitución da verba: “adequadas”, pola seguinte: **“establecidas”**. *Páxina 3, liña 49.*

5.- No punto 2 do artigo 5º propónse a inclusión da expresión: **“e a segunda xefatura de estudos”**, seguidamente despois de: “Establecerase unha vicedirección”. *Páxina 4, liña 10.*

6.- Nese mesmo punto 2 do artigo 5º propónse a substitución da expresión “setecentos cincuenta estudantes”; pola seguinte: **“cincocentos estudantes”**. *Páxina 4, liña 11.*

7.- Para o artigo 7º, punto 5, propónse un texto de adición ao final do parágrafo que diga: **“que terá os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos”**. *Páxina 4, liña 46.*

8.- Propónse no artigo 9º, punto 1, apartado a), un texto de adición ao final do parágrafo que diga: **“tendo os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos”**. *Páxina 6, liña 1.*

9.- Propónse que no punto 1 do artigo 9º se suprima o seguinte apartado: **“i) Coordinar as actividades de formación para o profesorado da escola, propoñendo e impulsando a súa participación nun plan de formación”**. *Páxina 6, liñas 17-18.*

10.- No punto 4 do artigo 12º propónse engadir a continuación de: “cando a dita ausencia implique profesorado substituto”, o seguinte texto: **“e terá os mesmos dereitos laborais, administrativos e económicos”**. *Páxina 7, liña 46.*

11.- O Consello Escolar de Galicia propón que se substitúa no texto do proxecto de decreto a expresión: “Equipo de dinamización da lingua galega”, pola seguinte: **“Equipo de normalización e dinamización da lingua galega”**. En concreto nos artigos 21º.e), 25º.c), 39º.3.f), 41º, 41º.1, 41º.3, 42º, 42º.a), 43º, 43º.1, 44º, 44º.a), 44º.e) e 51º.1.

12.- No artigo 25º propónse a substitución do texto: “e) Coordinación do equipo das tecnoloxías da información e a comunicación, e de biblioteca”, polo seguinte:

“e) Coordinación do equipo das tecnoloxías da información e a comunicación.

f) Coordinación de bibliotecas”.

En consecuencia, o apartado *f)* *Titorías* pasaría a ser o apartado *g)*. (Páxina 12, liñas 19 a 21).

13.- No mesmo artigo 25º propónse a inclusión dun novo apartado: “**g) Coordinación de formación permanente do profesorado**”. Páxina 12, liña 22.

14.- No punto 4 do artigo 27º propónse a inclusión da expresión “**Ao exercicio de cada coordinación corresponderalle unha redución de dúas horas lectivas**”, seguidamente despois de: “responsables para as seguintes coordinacións”. Páxina 12, liña 46.

15.- Para o artigo 28º propónse a supresión do seguinte apartado: “**g) Organizar, administrar, avaliar e, no seu caso, elaborar as diferentes probas encomendadas pola Consellería competente en materia de Educación, baixo a coordinación da xefatura de departamento, aplicando adecuadamente os estándares establecidos para as distintas probas e asistir, cando cumpra, as actividades de formación organizadas para o efecto**”. Páxina 13, liñas 20-24.

16.- Para o punto 6 do artigo 29º propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: “**e debe ter os mesmos dereitos laborais, administrativos e económicos**”. Páxina 14, liña 11.

17.- Para o artigo 27º propónse un novo punto co seguinte texto: “**7. Ás xefaturas de departamentos didácticos corresponderalles unha redución de horario lectivo de entre 3 e 6 horas en función do número de docentes que compoñan o departamento, agás no caso dos departamentos unipersoais en que a redución será dunha hora**”. Páxina 14, liña 12.

18.- Para o punto 1 do artigo 31º propónse a supresión do seguinte apartado: “**d) Incorporación dun funcionario do corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas**”. Páxina 15, liñas 26-27.

19.- Propónse un novo texto de redacción para o artigo 36º, que diga: “**As probas de certificación serán elaboradas pola propia Consellería. Constituiranse grupos con liberación horaria para elaborar estas probas, impartíndolle formación específica necesaria a este profesorado**”. Páxinas 16-17, liñas 45 a 7.

20.- O Consello Escolar de Galicia propón que se inclúa un novo artigo 38º bis que recolla ao coordinador de formación do profesorado coas funcións establecidas no decreto 99/2006. Páxina 17, liña 30.

21.- No punto 4 do artigo 39º propónse a substitución da expresión “oídos os”; pola seguinte: “**de acordo cos**”. Páxina 17, liñas 50-51.

22.- No punto 3 do artigo 41º propónse engadir ao final do parágrafo a seguinte expresión: “**de acordo co claustro de profesores**”. Páxina 18, liña 50.

23.- O Consello Escolar de Galicia propón que o artigo 47. *Titorías*, se cambie de lugar dentro do proxecto de decreto xa que as *titorías* non son órganos de coordinación e, polo tanto, non poden aparecer baixo ese epígrafe.

24.- Na disposición adicional segunda propónse unha nova redacción co seguinte texto: “**Determinadas ensinanzas de idiomas do nivel básico poderán ser impartidas en institucións de ensino secundario como seccións**”. Páxina 29, liñas 26-27.

25.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que axuste o disposto neste proxecto de decreto no relativo ao proxecto lingüístico do centro e aos equipos de dinamización lingüística, ao establecido no Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

26.- Recoméndalle tamén que na orde de desenvolvemento deste decreto, concretamente no referente ao establecido no artigo 2º.4, se teña en conta que a autorización e modificación das ensinanzas e da oferta formativa sexa adecuada ao réxime das escolas oficiais de idiomas, que son ensinanzas especiais, e que as posibles modificacións sexan feitas, con carácter xeral, con anterioridade ao inicio das actividades lectivas.

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O REGULAMENTO ORGÁNICO DAS ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 17 de xuño de 2010, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que no preámbulo do proxecto de decreto faga referencia ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, en tanto que afecta ás ensinanzas de réxime especial e ao proxecto lingüístico do centro.

2.- No apartado b) do artigo 4º propónse a substitución do texto: “ao establecemento”; polo seguinte: **“o establecemento”**. *Páxina 5, liña 6.*

3.- No artigo 7º, punto 3, propónse a substitución da verba “participación” por **“goberno”**. *Páxina 7, liña 2.*

4.- No título do Capítulo III, propónse a substitución da verba: “participación” por **“goberno”**. *Páxina 15, liña 1.*

5.- Propónse un texto de adición ao final do punto 5 do artigo 10º, co seguinte texto: **“Así mesmo, e de ser o caso, en ausencia da vicedirección, será a xefatura de estudos quen desempeñe as funcións da dirección recoñecéndosele os mesmos dereitos a efectos laborais, administrativos e económicos”**. *Páxina 8, liña 29.*

6.- No punto 4 do artigo 12º, propónse a adición do texto que figura en negriña: “Co fin de permitir o adecuado funcionamento da escola, no suposto de ausencia prolongada dalgún membro do equipo directivo, a dirección poderá designar a outro membro do equipo directivo, para levar a cabo, con carácter temporal, as súas funcións directivas **(xerando os mesmos dereitos a efectos laborais, económicos e administrativos)**, cando a dita ausencia implique profesorado substituto. Este extremo precisará a autorización expresa da inspección educativa. *Páxina 10, liña 24.*

7.- Para o apartado a) do artigo 14º, propónse un texto de adición ao final do parágrafo co seguinte texto: **“recoñecéndolle os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos”**. *Páxina 12, liña 26.*

8.- No mesmo artigo 14º, punto 2, apartado c), propónse a substitución da verba: “Formular”; pola expresión: **“Coordinar as”**. *Páxina 12, liña 36.*

9.- Propónse que no artigo 15º se corrixa a numeración debido a existencia de dous puntos co mesmo número. Os puntos 1, 2, 2, 3, 4 e 5 deben ser 1, 2, 3, 4, 5 e 6. *Páxina 14, liñas 24 e 19.*

10.- Propónse a inclusión dun novo apartado no punto 2 do artigo 16º, co seguinte texto: “**A vicedirección da escola**”. *Páxina 15, liña 8.*

11.- No apartado d) do punto 3 do artigo 17º, propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: “**e no equipo de dinamización da lingua galega**”. *Páxina 17, liña 9.*

12.- Así mesmo, nese mesmo punto 3 do artigo 17º, propónse un novo apartado co seguinte texto: “**f) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos**”. O apartado f) actual pasaría a ser o apartado g). *Páxina 17, liña 12.*

13.- No punto 4 do artigo 18º, propónse a substitución do texto: “de vinte días”; por: “**de quince días**”; e a substitución de: “no prazo dun mes”, polo seguinte: “**no prazo de vinte días**”. *Páxina 17, liñas 21 a 24.*

14.- Propónse que no artigo 21º se corrixa a numeración debido a existencia de dous puntos co mesmo número. Os puntos 1, 2, 2, 3, 4 e 5 deben ser 1, 2, 3, 4, 5 e 6. *Páxina 18, liñas 25 a 36 e páxina 19, liñas 1 a 7.*

15.- Nese mesmo artigo 21º, propónse unha nova redacción para o punto 3, que sería o punto 4. O novo texto proposto é o seguinte: “**Cando nun departamento non haxa profesorado do corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño, a xefatura de departamento será desempeñada por esta orde, por un funcionario ou funcionaria de carreira do corpo de profesorado de artes plásticas e deseño ou por un funcionario ou funcionaria de carreira do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño que teñan destino definitivo no centro, designados pola dirección do centro, oído o departamento**”. *Páxina 18, liñas 34 a 36, Páxina 19, liñas 1 e 2.*

16.- Para o punto 4 do artigo 21º que debería ser o punto 5, propónse a supresión do texto en negriña: “No caso de que non haxa profesorado **do corpo de profesorado de artes plásticas e deseño** con destino definitivo, a xefatura de departamento ...”. *Páxina 19, liñas 3 e 4.*

17.- Para o punto 5 do artigo 21º que debería ser o punto 6, propónse un texto de adición ao final do parágrafo, co seguinte texto: “**e terá os mesmos dereitos a efectos laborais, administrativos e económicos**”. *Páxina 19, liña 9.*

18.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión da función: “**Realizar o seguimento da aplicación do proxecto lingüístico do centro e do programa de promoción da lingua galega**”, dentro das competencias do departamento que corresponda.

19.- Tamén propón que se inclúa un novo artigo co seguinte texto: “**Artigo 28º. Departamento de biblioteca**”. O artigo 28º actual pasaría a 29º e así sucesivamente. *Páxina 23, liña 17.*

20.- No artigo 29º, punto 1, proponse substituír os apartados a) e b), polos seguintes:

a) Un profesor ou profesora de cada departamento.

b) Cinco representantes do alumnado, por proposta da xunta de representantes dese colectivo.

Páxina 24, liñas 9 a 11.

21.- No artigo 32º, apartado a), proponse a substitución da verba: “europeos”; pola seguinte: **“internacionais”**. *Páxina 26, liña 4.*

22.- No apartado c) do punto 2, do artigo 35º, proponse a substitución do texto: “dúas veces no mes”; polo seguinte: **“unha vez como mínimo”**. *Páxina 28, liña 5.*

23.- No final do parágrafo do artigo 36.- Titorías, proponse a supresión do texto: **“, e de material”**. *Páxina 28, liña 21.*

24.- En coherencia co punto anterior, proponse a supresión do punto 3 do artigo 37º con todos os seus apartados. *Páxina 29, liñas 22 a 30.*

25.- Proponse a supresión do apartado c), do punto 1 do artigo 37º, que di: **“Elaborar a programación da ensinanza, responsabilizarse dela, e enviar unha copia, preferentemente en formato dixital, á xefatura do departamento correspondente”**. *Páxina 28, liñas 26 a 28.*

EMENDAS APROBADAS AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O REGULAMENTO ORGÁNICO DOS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 1 de xullo de 2010, aprobou as seguintes emendas en relación co proxecto de decreto polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón que no punto 2 do artigo 7º se inclúa un novo apartado, que diga: “**e) Xefe de estudos de adultos**”. *Páxina 10, liña 6.*

2.- Para o punto 3 do artigo 10º propónse a adición do texto seguinte ao final do parágrafo: “**recoñecéndolle os mesmos dereitos a efectos laborais, administrativos e económicos**”. *Páxina 11, liña 33.*

3.- No punto 4 do artigo 12º, propónse a adición do texto que figura en negriña: “4. En caso de ausencia, doenza ou suspensión de funcións das persoas responsables dos órganos unipersoais de goberno, farase cargo temporalmente das súas funcións o profesor ou a profesora que designe a dirección do centro **xerando os mesmos dereitos a efectos laborais, económicos e administrativos**, o que se lle comunicará ao claustro de profesorado e ao consello social. *Páxina 14, liña 12.*

4.- No apartado a) do punto 1, do artigo 14º, propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: “**recoñecéndolle os mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos**”. *Páxina 16, liña 20.*

5.- No artigo 21º, punto 1, propónse a inclusión do texto que figura en negriña: “1. Os xefes ou as xefas dos departamentos referidos no artigo 7º, serán nomeada pola dirección do centro **proposta do departamento** o que comunicará á xefatura territorial da Administración competente”. *Páxina 21, liña 26.*

6.- No punto 6 do artigo 21º, propónse o texto de adición ao final do parágrafo, co seguinte texto: “**que terá os mesmos dereitos a efectos laborais, administrativos e económicos**”. *Páxina 22, liña 13.*

7.- O Consello Escolar de Galicia propón a supresión do apartado d) do punto 1, do artigo 22º. *Páxina 22, liña 23.*

8.- No artigo 33º, punto 4, apartado b), propónse a inclusión do texto en negriña: “Deseñar a **planificación da normalización lingüísticas do centro** con un programa anual de promoción da lingua galega para o logro dos obxectivos previstos no proxecto funcional e colaborar coa comisión encargada da redacción do proxecto lingüístico da escola”. *Páxina 31, liña 10.*

9.- No mesmo artigo 33º, propónse a inclusión dun novo punto co seguinte texto: “**5. A administración educativa asegurará a formación permanente dos membros do equipos, fundamentalmente no ámbito sociolingüístico**”. *Páxina 31, liña 17.*

10.- No punto 2 do artigo 35º, propónse a substitución do texto: “a proposta da xefatura da área correspondente”; polo seguinte: **“por proposta do claustro”**. *Páxina 32, liñas 8 e 9.*

11.- Para o artigo 49º, propónse a inclusión dun novo punto, co seguinte texto: **“4. O proxecto lingüístico recollerá as materias que serán impartidas en lingua galega de acordo co obxectivo de acadar competencia plena no uso da nosa lingua”**. *Páxina 42, liña 17.*

12.- Propónse un texto de adición ao final do parágrafo do punto 3, artigo 53º, co seguinte texto: **“... sempre que se respecten as súas condicións laborais. Todas as accións formativas impartidas terán que estar incluídas no horario lectivo ordinario do profesorado. Para as actividades lectivas que se poidan desenvolver fóra do horario lectivo do profesorado, estas poderán levarse a cabo impartidas por profesorado do centro con cargo as 100 horas que prevé a lexislación ou por profesorado interino”**. *Páxina 44, liña 7.*

13.- No artigo 53º, propónse a supresión do punto 4, concretamente do texto seguinte: **“Logo de aprobado o horario xeral do centro, poderá ser modificado nas condicións que a consellería competente estableza”**. *Páxina 44, liñas 8 e 9.*

Os dous ditames elaborados de forma colectiva son os seguintes:

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR E GRAO MEDIO CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- | | |
|--|--|
| 1.- Técnico en farmacia e parafarmacia. | 12.- Técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e de fluídos. |
| 2.- Técnico en soldadura e caldeiraría. | 13.- Técnico superior en construcións metálicas. |
| 3.- Técnico en sistemas microinformáticos e redes. | 14.- Técnico superior en eficiencia enerxética e enerxía solar térmica. |
| 4.- Técnico en servizos en restauración. | 15.- Técnico en aceites de oliva e viños. |
| 5.- Técnico en instalacións eléctricas e automáticas. | 16.- Técnico en confección e moda. |
| 6.- Técnico en carrozaría. | 17.- Técnico en planta química. |
| 7.- Técnico superior en xestión de aloxamentos turísticos. | 18.- Técnico superior en automoción. |
| 8.- Técnico superior en audioloxía protésica. | 19.- Técnico superior en patronaxe e moda. |
| 9.- Técnico superior en vitivinicultura. | 20.- Técnico superior en química industrial. |
| 10.- Técnico superior en programación da produción en fabricación mecánica. | |
| 11.- Técnico superior en desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos. | |

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 8 de outubro de 2009, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior e grao medio de vinte novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun artigo sobre a rateo no que se estableza o nº máximo de alumnos e alumnas en 20.
2. Tamén propón que se substitúa en todos os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de ciclos formativos de grao superior, o punto 2 do artigo 19.- Módulo de proxecto, polo seguinte:

“Unha parte do módulo desenvolverase con carácter previo e outra coincidindo coa realización do módulo profesional de formación en centros de traballo, e avaliarase unha vez cursado este co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel”.

3. Para a disposición adicional sexta, punto 1, de tódolos decretos polos que se establecen os currículos de ciclos formativos de grao medio e superior, propónse a inclusión da expresión que figura en negriña no seguinte texto:

“O currículo establecido neste decreto require un posterior desenvolvemento a través das programacións didácticas elaboradas polo equipo docente do ciclo formativo. Estas programacións concretarán e adaptarán o currículo ao contorno socioeconómico do centro e ás características do alumnado, tomando como referencia o perfil profesional do ciclo formativo a través dos seus obxectivos xerais, e dos resultados de aprendizaxe establecidos para cada módulo profesional”.

4. O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que se introduzan nos currículos dos ciclos formativos, se fora preciso, módulos propios para reforzar contidos no relacionado co coñecemento do entorno e sistema produtivo galego e adaptar ao mesmo o desenvolvemento da súa profesión.
5. Así mesmo, recoméndalle que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
6. O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa para que, con relación aos espazos mínimos, poidan levarse a cabo desdobres nos módulos de maior risco e nos que se necesite atención personalizada.
7. Tamén recomenda á Administración educativa que potencie a formación permanente do profesorado que imparte docencia nos títulos de formación profesional, así como a formación en TIC e linguas estranxeiras.
8. Recomenda tamén á Administración educativa que estude solucións ás posibles situacións de falta de horario para o profesorado do corpo de profesores técnicos de formación profesional, da especialidade de oficina de proxectos de fabricación mecánica, que perden horario nos dous ciclos superiores desta familia (CS de Construcións metálicas e CS de Programación da produción en fabricación mecánica).
9. Por último, a Comisión Permanente acordou remitir unha observación que se fai ao ciclo de grao medio de carrozaría, na que suxire a inclusión de contidos de prevención de riscos e protección medioambiental nos módulos de “Mecanizado básico” e “Embelecemento de superficies”, aludindo a estas cuestións recóllense nos criterios de avaliación en ambos os dous módulos; coa finalidade de que se estude por parte do equipo técnico redactor.

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR E GRAO MEDIO CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

1.- Técnico en instalacións de telecomunicacións	6.- Técnico superior en axencias de viaxes e xestión de eventos.
2.- Técnico en produción agropecuaria.	7.- Técnico superior en deseño en fabricación mecánica.
3.- Técnico en produción agroecolóxica.	8.- Técnico superior en guía, información e asistencia turística.
4.- Técnico en xestión administrativa.	
5.- Técnico superior en administración de sistemas informáticos en rede.	

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 1 de xullo de 2010, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao superior e grao medio de oito novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que no preámbulo dos proxectos de decreto faga referencia ao Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, en tanto que afecta ás ensinanzas de formación profesional.
2. O Consello Escolar de Galicia propón que en todos os currículos se engada un novo obxectivo xeral co seguinte texto: **“Coñecer e valorar o seu entorno e as especificidades que se derivan do mesmo no desenvolvemento da súa profesión en Galicia”**.
3. Tamén propón que se engada un artigo sobre a rateo establecendo o número máximo de alumnos e alumnas por aula en 20.
4. Así mesmo propón que se inclúa en cada título un artigo indicando que módulos deben ser de obrigada impartición en galego para que se cumpra a lexislación vixente.
5. Para o punto 4 do artigo 4º de todos os decretos, propónse a supresión da verba **“Non”**, quedando o punto da seguinte forma: **“4. Cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos”**.
6. O Consello Escolar recomenda a revisión do actual mapa de formación profesional de Galicia para garantir unha oferta adecuada á demanda.
7. Así mesmo, insta á Administración educativa para que adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
8. O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración educativa que se introduzan nos currículos dos ciclos formativos, se fora preciso, módulos propios para reforzar

contidos no relacionado co coñecemento do entorno e sistema produtivo galego e adaptar ao mesmo o desenvolvemento da súa profesión.

9. Así mesmo, recoméndalle que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
10. Tamén recomenda á Administración educativa que potencie a formación permanente do profesorado que imparte docencia nos títulos de formación profesional, así como a formación en TIC e linguas estranxeiras.
11. O Consello Escolar de Galicia propón que se substitúa en todos os proxectos de decreto polos que se establecen os currículos de ciclos formativos de grao superior, o punto 2 do artigo 19.- Módulo de proxecto, polo seguinte:

“Unha parte do módulo desenvolverase con carácter previo e outra coincidindo coa realización do módulo profesional de formación en centros de traballo, e avaliarase unha vez cursado este co obxecto de posibilitar a incorporación das competencias adquiridas nel”.

12. O Consello Escolar de Galicia recomenda á Administración que se fomente a división dos módulos en unidades de menor duración para facilitar a adquisición e acreditación de competencias profesionais. Débese aclarar tamén nos decretos cales son os efectos desa subdivisión en canto ás cualificación parciais, niveis de competencia,...
13. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”.**
14. O Consello Escolar de Galicia recomenda que se aborden as modificacións legislativas precisas para posibilitar que o profesorado das especialidades do corpo de PES na que se esixe para o acceso ao corpo formación específica nese campo poida impartir o módulo de empresa e iniciativa emprendedora.

Nun caso non se emitiu ditame:

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO PARA O PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA.

Sometido o proxecto de decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia á consideración do Pleno do Consello Escolar de Galicia na súa sesión do 7 de abril de 2010, dito organismo aprobou solicitar á Administración educativa a retirada do referido decreto.

Participación en actos, congresos, reunións

5



REPRESENTACIÓN NOS SEGUINTEs EVENTOS:

De acordo co establecido no artigo 3º.a do Regulamento de Réxime Interno o vicepresidente do Consello Escolar de Galicia representou a este Consello asistindo e participando nos actos que a continuación se sinalan:

Reunión preparatoria do XX Encontro de Consellos Escolares das Comunidades Autónomas e do Estado, celebrada en Madrid o día 8 de xullo de 2009.

Reunión preparatoria do XX Encontro de Consellos Escolares das Comunidades Autónomas e do Estado, celebrada en Pamplona en setembro de 2009.

Entrega dos premios Magisterio aos protagonistas da Educación, organizada polo periódico Magisterio e celebrada en Madrid o día 17 de novembro de 2009.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 30 de novembro de 2009.

Orde do día:

- Aprobación da Acta I/2009
- Informe sobre o estado e situación do sistema educativo. Curso 2008-2009. Calendario de tramitación e Índice.
- Resultados das principais avaliacións realizadas durante o curso 2008-2009.

Actividades organizadas polo Consello Escolar de Murcia para conmemorar o 10º aniversario da súa constitución, celebradas en Murcia en decembro de 2009.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 21 de xaneiro de 2010.

Orde do día:

- Palabras da Presidenta
- Aprobación da Acta II/2009
- Anteproxecto de Lei de Economía Sostible (Artigos 80 a 95 e Disposición final vixésimo sétima)

Pleno do Consello Escolar do Estado para emitir ditame sobre os preceptos do anteproxecto de lei de Economía sostible referidos á ordenación da Formación Profesional, celebrado en Madrid o día 28 de xaneiro de 2010.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Palma o día 4 de febreiro de 2010.

Orde do día:

- Palabras da Presidenta
- Aprobación da Acta I/2010

-
- Implantación dos Máster de Secundaria.
 - Factores que inflúen no abandono escolar prematuro dos varóns.

Reunión preparatoria do XX Encontro de Consellos Escolares das Comunidades Autónomas e do Estado, celebrada en Santillana de Mar (Cantabria) en marzo de 2010.

Participación na Semana pola educación de Pontevedra organizada por UGT-FETE Ensino Galicia, por Escuela e por Escola Viva, nunha Mesa Redonda sobre “Un pacto Social e Político pola Educación”, celebrado en Pontevedra o día 19 de abril de 2010.

Asistencia ao acto inaugural da IV reunión do Comité Organizador do Foro 2010, celebrado en Santiago de Compostela o día 11 de xuño de 2010.

Acto de entrega da encomenda da Real Orde de Alfonso X O Sabio aos presidentes de consellos escolares recentemente cesados entre os que se atopaba a anterior presidenta do Consello Escolar de Galicia e Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos, actos celebrados en Madrid o día 7 de xullo de 2010.

Reunión da Xunta de Participación dos Consellos Escolares Autonómicos celebrada en Madrid o día 7 de xullo de 2010.

Orde do día:

- Aprobación das Actas II/2010 e III/2010.
- Avaliación do funcionamento dos Encontros dos Consellos escolares Autonómicos e do Estado.
- Reflexión e preparación do XXI Encontro do curso 2010-2011
- Información sobre o traslado da carta da Xunta de Participación Autonómica sobre o Máster do profesorado de secundaria ao Ministro e demais responsables do Ministerio.

O Consello Escolar de Galicia estivo representado polo vicepresidente e polos membros da Comisión Permanente nos **XX Encontros de Consellos escolares Autonómicos e do Estado** nos que se debateu e reflexionou sobre a Autonomía dos centros educativos como factor de calidade, celebrados en Toledo do 5 ao 7 de maio de 2010.

Desenvolvemento do XX encontro dos consellos escolares autonómicos e do estado.

Tema: **“A autonomía dos centros educativos como factor de calidade”**

O XX Encontro dos Consello Escolares Autonómicos e do Estado celebrouse en Toledo os días 5, 6 e 7 de maio de 2010.

O Ministro de Educación, Angel Gabilondo, inaugurou este XX Encontro o día 5 de maio no Teatro de Rojas de Toledo, acto ao que asistiron máis de 200 persoas relacionadas co mundo da educación.

Ese mesmo día Alejandro Tiana, Catedrático de Teoría e Historia da Educación na UNED e Director do Centro de Altos Estudos Universitarios da OEI, e Pablo Zoido,

Analista da OCDE, ofreceron senllas conferencias con motivo da apertura deste XX Encontro. A primeira versou sobre “A autonomía dos centros educativos como factor de calidade. Situación en España e perspectivas de futuro” e serviu de aproximación teórica ao marco nacional. E a segunda versou sobre “A autonomía dos centros educativos como factor de calidade. Unha mirada internacional”

O día 6 de maio adicouse ás principais sesións de traballo que se desenvolveron en dúas mesas para debater as emendas ao documento de propostas. Unha das mesas de traballo tiña a súa sede no Paraninfo do Palacio do Cardenal Lorenzana e a outra na Sala Teatrillo en San Pedro Mártir.

Finalmente o día 7 de maio, tras os debates suscitados os días previos, foron presentados os resultados das dúas mesas de debate co fin de consensuar ao máximo posible o Documento de Conclusións.

Este **Documento de conclusións** contempla como propostas máis relevantes as seguintes:

1.- A autonomía é inseparable da avaliación e da rendición de contas. É importante promover a cultura da avaliación interna e externa do alumnado, do profesorado, dos equipos directivos, dos proxectos e dos centros escolares no seu conxunto, tendo en conta as variables socioeconómicas e culturais, como instrumento de mellora e de responsabilidade.

2.- As Administracións educativas deben informar aos centros sobre os indicadores que se empregarán no proceso da avaliación. Así mesmo, os resultados das avaliacións externas deberán ser trasladados aos consellos escolares para o seu coñecemento, análise e elaboración dos correspondentes Plans de Mellora.

3.- O liderazgo, que consideramos básico, debe concebirse participativo e motivador e as Administracións educativas deberán adoptar iniciativas que fagan da dirección escolar unha función eficiente e atractiva.

4.- A evidencia dispoñible sinala que a participación da comunidade educativa constitúe un factor clave de calidade que fai da maior autonomía un factor eficaz de mellora. Xa que logo debe promoverse a cooperación entre as familias e os centros educativos coa subscripción de acordos e compromisos recíprocos. As Administracións proporcionarán os medios persoais e materiais que respondan ás necesidades detectadas e ao compromiso de avaliación das actuacións emprendidas.

5.- Os Consellos instan ás Administracións educativas a que desenvolvan e fomenten a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros educativos, nun marco de participación e de responsabilidade.

O XX Encontro foi clausurado polo Viceconselleiro de Educación e pola Presidenta do Consello escolar do Estado.



Resumo económico

7



RESUMO ECONÓMICO

Gastos facturados pola Oficina Técnica	Importe ano 2009
Mantemento xeral	2.402,37
Vixilancia e seguridade	18.189,31
Electricidade	2.139,42
Gasóleo	862,53
Limpeza	8.578,16
Auga	189,12
Mantemento ascensores	362,21
Suma Parcial	32.723,12

Reunións Comisións	Importe ano 2009
Comisións permanentes e outras Comisións	4.747,38
Plenos	13.259,19
Suma Parcial	18.006,57

Informes e Estudos	Importe ano 2009
Publicación de Informe	6.632,40
Publicación de folia informativa e Memoria actividades	4.405,60
Suma Parcial	11.038,00

Gastos Xornadas Consellos Escolares	Importe ano 2009
Xornadas Anuais de Consellos Escolares de C.A. - Estado	5.551,04
Xornadas organizadas polo Consello	309,58
Xornadas doutros Consellos, institucións, etc	166,90
Suma Parcial	6.027,52

Retribución dietas	Importe ano 2009
Dietas	3.318,97
Suma Parcial	3.318,97

Outros gastos	Importe ano 2009
Fotocopiadora e fax	6.822,67
Colocación mesas para reunións plenos	278,40
Augas e coffe breack	302,49
Material de oficina	6.793,88
Subscripción revistas	0,00
Correos	2.404,01
Teléfono	1.360,37
Outros	456,05
Suma Parcial	18.417,77

Suma total	89.532,05
-------------------------	------------------

